

INFORME TÉCNICO DE NECESIDADE

Contratación de Servicios para o "Campamento de Verán e Plan Madruga Rianxo - Anualidades 2024 e 2025

Expediente: 2024/C004/000002

INFORME

FUNDAMENTACIÓN

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

O Concello de Rianxo desenvolve desde hai anos a servizo "Campamento Urbano e Deportivo" co ánimo de favorecer a conciliación laboral e familiar das familias rianxeiras. Este actividade lévase realizando desde o ano 2014, seguindo as mesmas pautas e características, e vaise realizar tamén no 2024, e previsiblemente no ano 2025, facilitando que os nenos e nenas de todas as parroquias poidan participar do servizo.

INFORME

O Concello de Rianxo non dispón de medios persoais e materiais suficientes e adecuados para a organización e realización do Campamento de Verán e Plan Madruga Rianxo 2024, que terá lugar en diversas instalacións municipais, e está dirixido a nenos de 4 a 11 anos de idade, empadroados no Concello de Rianxo, e que se celebrará nos meses de xuño, xullo e agosto.

Debido a isto, propónse a realización dun contrato de servizos para a organización, coordinación e realización do servizo para este ano 2024.

Axuntase ao expediente os pregos de prescricións técnicas, no que se detalla o obxecto, as condicións da prestación, o orzamento e os deberes das partes, seguindo a mesmas características que a licitación proposta para o 2023.

Este ano propónse a división do servizo en dous períodos (bloque xullo e bloque agosto) en canto aos participantes. Esta división ven derivada dos datos de asistencia de anos anteriores, que mostran que os nenos e nenas non participan durante todo o servizo, senón que moitos dos participantes so asisten nun dos

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 625.921 exp. 2024/C004/000002

meses, polo que co ánimo de optimizar o servizo propónse esta división, permitindo as familias escoller a asistencia a todo o verán ou a un so dos bloques. Isto implica que o número de monitores e os materiais necesarios poden ser diferentes do primeiro bloque ao segundo, o que se informará a empresa en debida forma e tempo para cubrir as necesidades de ambos períodos.

Sería conveniente, igualmente, recoller nas posibles modificacións do contrato a ampliación de prazas para ambas actividades en todas as instalacións nas que se vai desenvolver o servizo, ante o suposto de que a demanda de prazas supere a oferta establecida nos pregos. Esta modificación deberá realizarse conforme a lexislación vixente, non podendo sobrepasar o 20% do prezo de adxudicación.

Non se considera pertinente dividir o contrato en lotes (un lote por cada instalación), posto que se trata dun servizo único, onde se vai a desenvolver un único proxecto socioeducativo, igual para todas as instalacións, no que se desenvolveran as mesmas actividades, cos mesmos recursos e características. De producirse unha división por lotes, podería resultar que o servizo e os proxectos fosen de diferente calidade, e beneficiar a uns participantes máis que a outros.

Este servizo realizábase habitualmente nunha única instalación que daba cabida a todos os participantes. Mais dende o ano 2020, coa aparición da pandemia da Covid-19, ampliamos as sedes para favorecer a aplicación de medidas de prevención. Esta descentralización foi moi ben acollida polas familias participantes, que reclaman que se manteñan as tres instalacións posto que facilita os desprazamentos para acudir a actividade. No presente 2024 e na anualidade 2025 seguirase realizando en diversas ubicacións, pero o servizo e o desenvolvemento do proxecto non varía. Conta ademais cunha persoa que exercerá funcións de coordinación e supervisión xeral de todo o servizo (instalacións, persoal, desenvolvemento de actividades, etc.), que velará polo bo desenvolvemento do servizo e porque este, a pesar da dispersión xeográfica das ubicacións, garde a unidade que lle é propia.

De igual forma que a ano anterior, e tamén ante a imposibilidade de ser asumida polo persoal municipal (que non é suficiente e menos en datas estivais, o que chegou a comprometer seriamente estas funcións nos pasados anos), óptase por incluír os labores de limpeza no mesmo contrato de servizos.

Polo exposto, emito o presente informe ao abeiro do artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para os efectos de que a Alcaldía adopte as medidas oportunas para a tramitación dos correspondentes expedientes de contratación.

Rianxo, venres 19 de abril de 2024

A animadora sociocultural,
Uxía Cespón Ordóñez